

ELECCIÓN GALEGAS 2024

Claves a favor do territorio, as persoas e a xustiza social

Galicia ten enormes desafíos que deben ser abordados na seguinte lexislatura polo Parlamento galego e a Xunta de Galicia. O novo ciclo electoral ten que nos conducir a unha sociedade que **poña no centro o benestar das persoas e a xustiza social, así como o coidado do territorio galego e do planeta**. A ciencia dinos que esta década é crucial para actuar contra a crise climática¹ e que os catro vindeiros anos serán decisivos para pór en marcha as mellores propostas, estreitar a colaboración das institucións e implicar decisivamente á cidadanía. **O noso planeta está doente² e a urxencia do desafío que temos diante require estar á altura.**

Debemos superar a noción de cambios cosméticos. Necesitamos unha mudanza revolucionaria na nosa forma de pensar e de actuar, e a boa nova é que iso suporá unha enorme oportunidade de progreso e benestar para a gran maioría das persoas.


Fronte a minorías que acaparan a riqueza, depredan os recursos e o patrimonio natural, escapan das súas responsabilidades democráticas, desvían a atención da opinión pública e ignoran ás futuras xeracións, **é tempo de expor alternativas dende unha acción política valente e sen distraccións.**

Outro modelo de sociedade e de economía en paz co planeta é posíbel e querémolo construír con e dende a xente, coa convicción de que é posíbel **reforzar os lazos de solidariedade** que nos unen, que nos fan máis resilientes e que nos brindarán un futuro mellor.

Aquí presentamos **oito claves para avanzar cara a un rumbo verde en favor do territorio, das persoas e a xustiza social** no contexto das vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia.

1. [10 claves sobre el nuevo informe del IPCC - ES | Greenpeace España](#)

2. [The nine planetary boundaries - Stockholm Resilience Centre](#)
[The nine planetary boundaries - Stockholm](#)



ENERXÍA LIMPA EN MANS DA XENTE³

Fronte ao malgasto enerxético, o incremento de prezos, a dependencia e inestabilidade dos mercados internacionais e o cambio climático, **Galicia debe acelerar o abandono dos combustíbeis fósiles canto antes e, en calquera caso, antes de 2040**. O noso informe “Galicia, máis aló dos combustíbeis fósiles⁴” revela que **tres cuartas partes dos recursos enerxéticos transformados en Galicia para obter electricidade, combustíbeis e calor aínda proceden de importacións de combustíbeis fósiles de terceiros países**. O abandono dos combustíbeis fósiles debe ocorrer grazas a unha transición cara a un sistema enerxético eficiente, intelixente, 100 % renovábel e democratizado, capaz de prover ás persoas de enerxía limpa e accesíbel. O despregamento da transición ten que poñer ás persoas e a biodiversidade na súa cerna. Isto significa que Galicia, ademais de comprometerse a obxectivos de descarbonización ambiciosos aliñados co Acordo de París e as decisións da COP28 sobre o abandono dos combustíbeis fósiles, deberá apoiar e facilitar formas inclusivas e comunitarias de transición que incentiven o papel activo da cidadanía, non só como consumidores senón tamén como produtores, en forma de creación de emprego e beneficios na saúde das persoas e o planeta. A transición enerxética é unha oportunidade para asociar a loita contra o cambio climático e a redución da factura enerxética e con iso facer unha sociedade máis moderna, resiliente, xusta e cohesionada, en favor da recuperación dos bens comúns e sen que ninguén quede atrás. Os fondos Next Generation seguen a ser unha oportunidade dispoñíbel que debe ser aproveitada, especialmente para impulsar as enerxías renovábeis, o autoconsumo, as comunidades enerxéticas, a electrificación e a eficiencia a través da rehabilitación enerxética dos edificios.

Galicia ten a chave para⁵:



➤ **Establecer unha maior ambición na planificación autonómica cun compromiso para a descarbonización da economía a nivel de país, unha redución da demanda enerxética á metade respecto a 2019 –ano pre-pandemia– e un sistema enerxético 100 % renovábel e democrático para 2040**. En liña con estes obxectivos, deberíanse establecer tamén compromisos intermedios para 2030: **acadar un sistema eléctrico 100 % renovábel e unha redución das emisións de**

3. [Energías renovables | Greenpeace España](#)

4. No informe “Galicia, máis aló dos combustíbeis fósiles”, de decembro de 2023, analízanse os fluxos enerxéticos de Galicia e establécense recomendacións para acadar a neutralidade climática en 2040.

5. Máis información en: [Desarrollo renovable necesario para el clima y respetuoso con la biodiversidad y las personas - ES | Greenpeace España](#)

efecto invernadoiro dun 65 % con respecto a 1990, así como incrementar a electrificación da economía, que en 2030 debería aproximarse xa ao 50 %, para non superar o límite de quecemento de 1,5°C establecido pola ciencia. Estes obxectivos débense plasmar na Axenda Enerxética de Galicia 2030, na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e na Lei do Clima de Galicia, que se debe aprobar ao comezo de legislatura.

PETICIÓN

➤ **Elaborar, con ampla participación social, unha auténtica Estratexia e Plan de Enerxía e Clima de Galicia que poña o foco no abandono dos combustíbeis fósiles. Débese planificar a fin das actividades de refino de petróleo e de regasificación de gas licuado, para compasalas cos obxectivos climáticos.** En primeira instancia, **é urxente abandonar o uso de gas fósil para a xeración eléctrica antes de 2030 e para todos os usos en 2035**, renunciando tamén á participación minoritaria da Xunta de Galicia en Reganosa. O capital público autonómico só debe participar no negocio enerxético de carácter renovábel de ser necesario e facendo valer criterios ecosociais.

PETICIÓN

➤ **Impulsar un plan de descarbonización da industria, con medidas específicas para cada subsector**, que reduza sensibelmente o seu consumo de enerxía e materiais e substitúa o uso de combustíbeis fósiles por electricidade 100 % renovábel e renovábeis térmicas.

PETICIÓN

➤ **Garantir un despregamento das renovábeis ambicioso para a loita contra o cambio climático e respectuoso coas persoas e a biodiversidade, acadando unha cota de renovábeis no consumo final do 70 % en 2030 e do 100 % en 2040. Galicia ten que aprobar plans sectoriais territoriais para a implantación das enerxías renovábeis baseados na diversificación, electrificación, planificación, participación temperá da cidadanía e protección da biodiversidade no prazo máximo dun ano⁶.** Para a implantación de parques eólicos (e fotovoltaicos) débese facer un mapa actualizado de sensibilidade ambiental que inclúa zonas prioritarias (priorizando por exemplo zonas degradadas, mesmo eucaliptais en zonas dificilmente recuperábeis para a natureza galega, e áreas de baixa sensibilidade ambiental e social); e zonas de exclusión (espazos naturais protexidos, áreas críticas de especies en perigo de extinción, rede Natura 2000 e outras figuras de protección especial e de chan de interese ambiental, así como a eliminación progresiva de instalacións que actualmente están en rede Natura), no

6. [Desarrollo renovable necesario para el clima y respetuoso con la biodiversidad y las personas - ES | Greenpeace España](#)

marco dunha revisión profunda do Plan Sectorial Eólico de Galicia. A administración autonómica deberá coordinarse co Goberno central para unha planificación territorial na que se prohiban as actuais malas prácticas e se obrigue a promover as boas. De igual xeito, debe ter un rol fundamental para garantir o diálogo entre promotores, cidadanía e administración pública local, a redistribución dos beneficios co territorio e as solucións en cada caso dende o primeiro intre, así como unha repartición xusta dos beneficios coas comunidades que acollerán os proxectos.



➤ **Impulsar e garantir a instalación de comunidades enerxéticas e o autoconsumo (individual e colectivo)**⁷ con enerxías renovábeis mediante trámites claros dende o modelo de “xanela única con solución integrada” e un acceso eficaz ás axudas públicas, especialmente para as familias e comunidades con menos recursos. É urxente desbloquear o autoconsumo colectivo con procedementos áxiles coas distribuidoras e controlando o incumprimento e abuso inxustificado de poder destas empresas que exercen actualmente. Débese garantir unha información estatística transparente sobre o avance do autoconsumo.



➤ **Opoñerse á proposta de construír un novo gasoduto ou hidroducto Guitiriz-Zamora, impulsado por Reganosa e Enagás.** Esta infraestrutura, amais dunha significativa afección territorial, dificultaría a transición enerxética, pois, ou ben promovería o uso de gas fósil, ou ben a produción excesiva de hidróxeno verde para a súa exportación integrándose no proxecto H2Med.




➤ **Establecer un plan de descarbonización de edificios privados e de loita contra a pobreza enerxética**⁸ **cun rol activo dos poderes públicos,** con foco na rehabilitación global sobre o parque de vivenda social construído entre 1950 e 1980, por ser o que concentra a meirande parte da pobreza enerxética, establecendo sinerxias entre a eficiencia enerxética e outros problemas na conservación das vivendas e problemas de accesibilidade. Este plan debe incluír un Fondo de vivenda social e ecolóxica, ao que se poidan asociar municipios que invisten en vivendas de prezo taxado para persoas de baixos ingresos. Tamén debe dispoñer de axudas á eficiencia de fronte ao parque de vivendas en réxime de alugueiro.



➤ **Edificios públicos autonómicos “cero emisións”:** elaborar un plan para “solarizar” e illar termicamente os edificios coma hospitais, centros de saúde, residencias de maiores, escolas, bibliotecas, centros administrativos, entre outros, e garantir un consumo de electricidade 100 % renovábel. Substituír as caldeiras de gas, gasóleo, por bombas de calor e outras solucións renovábeis. Apostar pola modernización

7. [Alternativas de energía ciudadana contra el cambio climático - ES | Greenpeace España](#)

8. [Alianza por la rehabilitación de viviendas sin deja a nadie atrás - ECODES - Tiempo de actuar](#)



dos centros sanitarios e escolares para mellorar a súa eficiencia enerxética e habitabilidade co obxectivo de mellorar a calidade do servizo público e o aforro de custos. Eliminar todos os materiais tóxicos e non saudábeis, incluído o chumbo e o amianto, así como reducir o emprego de materiais dun só uso. Obriga de instalar enerxía solar en todos os grandes tellados comerciais ou industriais por riba dunha determinada superficie para 2027, empezando por grandes aparcadoiros, centros comerciais, industrias etc.



MOVERNOS DE FORMA MÁIS INTELIXENTE E SAUDÁBEL É POSÍBEL⁹

Mellorar a forma de movernos é algo esencial para a nosa calidade de vida, a nosa saúde, o noso traballo e para superar os retos ambientais, sociais e económicos sen exceder os límites establecidos pola ciencia en relación ao cambio climático. O modelo de transporte de “unha persoa, un coche” e de “acceso total” dos turismos ao espazo urbano debe mudar 180 graos cara a un sistema de transporte moderno, limpo, inclusivo, multimodal e vertebrador. Cómpre resaltar que **o transporte de mercadorías e persoas xa é o principal sector de emisións de gases con efecto invernadoiro en Galicia (26,2 %)**, unha vez que o sector enerxético experimentou un acusado descenso por mor do peche das centrais térmicas de carbón. Existe unha enorme oportunidade de gañar en benestar e de consolidar unha sociedade máis resiliente, cohesionada, xusta e saudábel. Galicia debe liderar este novo modelo de mobilidade garantindo servizos públicos, eficientes, accesíbeis e de calidade, con foco no transporte colectivo e multimodal. Para iso necesitamos as seguintes medidas:

PETICIÓN ➤ **Aprobar unha lei galega de mobilidade sostíbel que favoreza un modelo de transporte limpo, intelixente e socialmente equitativo, priorizando os modos non motorizados (peón e bicicleta) e o transporte colectivo e compartido** fronte ao uso do automóbil particular en propiedade, invertindo a tendencia crecente actual, especialmente nas áreas metropolitanas. Neste sentido, a Estratexia Galega de Mobilidade (EGM) da Xunta é insuficiente, pois pretende reducir tan só nun 10 % as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) do transporte nunha década, cando **a aspiración debe ser a de alcanzar un parque de vehículos cero emisións antes de 2040**. De igual xeito, a Xunta debería defender que xa no ano 2025 non se permita a venda dos automóviles diésel, de gasolina e de GNC (Gas Natural Comprimido) novos e dos híbridos para 2028.

PETICIÓN ➤ No plan autonómico de mobilidade, **o tren debe aparecer como mecanismo central de vertebración económica e territorial, tanto para o transporte de persoas como de mercadorías**, tanto en cercanías como na media distancia. Implantar nesta lexislatura polo menos os servizos de proximidade na Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra para atender a demanda de transporte metropolitano nas devanditas zonas. Electrificar aquelas liñas férreas que aínda carecen de tracción eléctrica.

9. [Movilidad | Greenpeace España](#)



➤ **Reforzar a oferta de transporte público, dimensionando a rede ás necesidades reais de mobilidade**, algo especialmente salientábel nun país con enorme dispersión poboacional como Galicia. Equilibrar o servizo e atender as áreas infradotadas. Asegurar a multimodalidade do transporte público, posibilitando, por exemplo, o transporte en trens e buses de vehículos de mobilidade persoal como bicicletas e patinetes. Establecer unha rede galega de transporte con horarios cadenciados (cada 1, 2, 4 horas...) que asegure unha adecuada cobertura ás numerosas liñas de Galicia, con nodos en Monforte, Vigo, Santiago, Ourense e A Coruña, que garanta poder facer ida e volta no mesmo día para calquera combinación.



➤ **Minimizar o impacto e a fragmentación do territorio con novas infraestruturas para o transporte privado**. Priorizar a conservación da rede actual fronte á construción de novas autoestradas, novas liñas de alta velocidade aínda non planificadas e a ampliación ou construción de novos portos ou aeroportos. Os investimentos deben ir dedicados a manter e mellorar o xa existente, facendo investimentos puntuais, "cirúrxicos", para corrixir aqueles puntos que presentan deficiencias, especialmente na Galicia rural.



➤ **Implantar un sistema de tarxeta única de transporte que incentive o uso do transporte público e reduza as emisións**. Implantación dunha tarxeta única de transporte (Billete Climático Único) que permita utilizar todos os modos de transporte (bus, metro, tranvía, bicicletas eléctricas, barco, etc). Este sistema fará que o transporte público sexa máis barato, que a compra de billetes sexa máis doado e, por tanto, que os medios públicos sexan moito máis atractivos que os vehículos privados.



➤ **Desenvolver unha rede ciclista en colaboración cos Concellos** e garantindo a posibilidade de moverse en bicicleta con seguridade en e entre municipios veciños a través dunha rede segura e conectada, eliminando as fendas que hoxano existen.



➤ **Adaptar a oferta de transporte ás necesidades da poboación rural con solucións de mobilidade específicas** como, por exemplo, os servizos de transporte a demanda, mobilidade compartida, microrrutas ou roteiros dinámicos de autobuses.



➤ **Avanzar na electrificación do transporte público e na dispoñibilidade de puntos de recarga –moi deficiente en Galicia– para todo tipo de vehículos eléctricos**, especialmente en roteiros interurbanos e en lugares onde a baixa densidade de poboación dificulta a xestión do transporte público. A penetración das enerxías renovábeis no transporte galego, de só o 6,5 % na actualidade, debe incrementarse exponencialmente para aspirar a alcanzar un parque de vehículos cero emisións antes de 2040.

- **Establecer incentivos de acceso aos postos de traballo mediante o transporte público e outras formas limpas e saudábeis**, e medidas en favor da conciliación e os coidados. Incentivar Plans de Transporte ao Traballo que sexan obrigatorios para os grandes xeradores de mobilidade (sedes de empresas, eventos etc.). Mellorar a conciliación, a salubridade das cidades e o medio ambiente con acordos de teletraballo que permitan ás persoas maior tempo para a conciliación da vida persoal e familiar e os coidados.



A AUGA, UN BEN ESCASO E UN DEREITO DE TODAS AS PERSOAS¹⁰

A auga é o noso ben máis prezado e un dos máis gravemente ameazados. Cada vez temos menos auga dispoñíbel e o cambio climático xa está a agudizar o estrés hídrico. As solucións non pasan por realizar máis encoros, desecar máis humidais ou realizar transvasamentos de enorme custo e ineficiencia e que manteñen a ilusión irresponsábel de dispoñibilidade ilimitada. Tampouco en continuar coa permisividade cómplice fronte á explotación dos acuíferos, nin en reducir os xa exiguos caudais ecolóxicos e converter os nosos ríos en auténticos sumidoiros sen vida que, asemade, desaugan nas rías. Fronte ás falsas solucións é urxente que Galicia promova unha nova cultura da xestión e o uso da auga e pasar a páxina do malgasto, a contaminación, das megainfraestruturas e acabar coa fraude. As solucións pasan por recoñecer o dereito a unha auga de calidade e a un medioambiente equilibrado como elemento central que guíe as actuacións neste eido. Asemade, debe promoverse unha verdadeira planificación e xestión que poña no centro a adaptación ao cambio climático, a eficiencia, o reequilibrio nos usos e a reutilización. Neste senso é fundamental diminuír o insaciábel consumo de auga, especialmente por parte dunha agricultura e gandaría industriais e intensivas que operan nun réxime de inaceptábel “zona franca ecolóxica” cun custo asociado que pagamos todas.

Algúns propostas para a nova lexislatura son:

- PETICIÓN** ➤ **Incorporar aos novos desenvolvementos urbanísticos medidas activas de aforro de auga**, como son a recuperación de augas grises para os fogares, a recuperación auga de choiva para regas e baldeos de rías. Tamén deseñar xardíns con criterios de aforro de auga e xeralizar a instalación de pavimentos drenantes que permitan levar as augas cara a depósitos e favorecer a infiltración no subsolo para a recarga de acuíferos.
- PETICIÓN** ➤ **Prohibir os novos proxectos de gandaría industrial** e a ampliación dos existentes. Reducir a carga gandeira en intensivo de Galicia nun 50 % para 2030¹¹.
- PETICIÓN** ➤ **Redución da contaminación da auga polo uso de fertilizantes sintéticos e excrementos e xurros da gandaría industrial.** É imperioso declarar Zonas Vulnerábeis a Contaminación por Nitratos –non existe ningunha en Galicia– en todas as áreas

10. [Agua | Greenpeace España](#)

11. [Macrogranjas - ES | Greenpeace España](#)

de augas contaminadas por nitratos procedentes de fontes agrarias identificadas polo Miteco, tanto en ríos como augas subterráneas, encoros e augas costeiras ou de transición, con especial inmediatez nas comarcas máis castigadas como A Limia¹².



➤ **Reconversión do regadío industrial, intensivo e superintensivo**, que malia que non é moi amplo en Galicia si debe camiñar cara a explotacións sostíbeis, diversificadas e de baixo consumo de auga adaptadas aos caudais dispoñíbeis como consecuencia dos efectos do cambio climático.



➤ **Promover unha xestión pública eficiente dos recursos hídricos no consumo** e incentivar unha maior progresividade tarifaria. Incorporar as tecnoloxías máis eficientes nos sistemas xestionados de depuración, recuperación e utilización de augas.



➤ **Colaborar na protección e restauración dos ríos, dos bosques de ribeira, as cabeceiras de vales e todos os humidais inventariados en Galicia**. Desenvolver proxectos de mellora da capacidade de recarga dos acuíferos baixo o concepto de “plantar auga”.



➤ **Priorizar de forma urxente o saneamento integral das rías galegas**, abordando a contaminación industrial, urbana, agrogandeira e de explotacións mineiras coa máxima urxencia.

12. [Coren contra Manuel. Un caso de SLAPP no agro galego.](#)



O NOSO PATRIMONIO NATURAL LIBRE DE AMEZAS

O noso patrimonio natural sostén a vida das nosas sociedades e é a base da nosa cultura e economía. Non hai lugar, aldea, pobo, cidade ou actividade que poida prosperar se non hai choiva, se os ríos e acuíferos se contaminan e esquilman, se se destrúe a costa, se se incendian os bosques ou se non se protexe o chan fronte á erosión e a desertificación. A península ibérica e Galicia albergan un dos maiores patrimonios ecolóxicos de Europa, pero no noso país temos enormes déficits en protección da natureza. **Galicia está entre as comunidades autónomas con menor porcentaxe de espazos protexidos do Estado, con menos do 12 % da superficie en rede Natura.** Tamén é a terceira comunidade autónoma con máis hábitats naturais costeiros desprotexidos a pesar do seu inmenso litoral. En máis do 41,1 % da zona costeira en Galicia non existe ningunha figura de protección da natureza. Mentres, o Catálogo Galego de Especies Ameazadas recolle 75 especies consideradas en perigo de extinción e 126 vulnerábeis, e dende a súa publicación en 2007 case nada se fixo por coñecer o seu estado. De igual maneira, os obrigados plans de recuperación e conservación brillan pola súa ausencia.

A natureza é o legado máis precioso que recibimos e que podemos trasladar ás futuras xeracións. Con todo, vivimos un momento de enormes desafíos para o futuro do planeta co cambio climático chamando alarmantemente ás nosas portas. Emporiso, cómpre recoñecer o valor estratéxico do noso capital natural por riba de intereses económicos de curto prazo. A nosa xeografía está enchida de cicatrices en forma de especulación urbanística, terreos degradados, autovías innecesarias, aeroportos sen sentido, macrogranxas, humidais colapsados, exceso de plantacións forestais de crecemento rápido e moitas infraestruturas infrautilizadas ou inútiles que testemuñan a urxencia dun novo xeito de facer política en favor do interese público e das futuras xeracións.

Por iso, Galicia debe:



➤ **Ampliar rede de espazos protexidos, tanto parques naturais como da rede Natura 2000, até acadar polo menos o 30 % do territorio protexido para 2030, en liña co Convenio da Diversidade Biolóxica**, levando a cabo os preceptivos instrumentos de ordenación e xestión¹³. Neste senso, **parece lóxico e urxente preservar de forma inmediata os espazos propostos nas erradas ampliacións da rede Natura de 2008 e 2011** e as súas zonas adxacentes. A dita planificación deberá ter en conta a multifuncionalidade dos usos do territorio e a necesidade de preservación dos seus servizos ecosistémicos.

13. [Planes de Ordenación de los Recursos Naturales \(PORN\), los Planes Rectores de Uso y Gestión \(PRUG\)](#)

Así mesmo, debe realizarse considerando a necesidade de adaptación aos escenarios do cambio climático e os seus riscos asociados e a inclusión das comunidades que habitan a nivel local na toma de decisións. De igual xeito, urxe **abordar as deficiencias referentes ao Plan Director elaborado pola Xunta de Galicia para a xestión dos espazos Natura 2000**, pois non cumpre os requisitos e non fixa obxectivos e medidas de conservación detallados e específicos como require a normativa europea.



➤ **Actualizar o Catálogo Galego de Especies Ameazadas e ampliar significativamente os plans de conservación, restauración e/o integrais de especies ameazadas.**

Actualmente só existen plans para catro das 75 especies consideradas en perigo de extinción e 126 vulnerábeis, cuestión que incumpre claramente a lexislación.



➤ **Crear unha lei galega de restauración da natureza** que axude a reverter a enorme degradación ambiental de boa parte do país e incida especialmente nos hábitats de maior valor ecolóxico.



➤ **Crear unha estratexia ou plan galego de detección e xestión de especies exóticas invasoras**, que constitúen unha das maiores ameazas á biodiversidade a nivel planetario.



➤ **Elaborar e implementar un plan para a redución das capturas accidentais de aves, mamíferos e tartarugas na actividade pesqueira**, por canto os varamentos medran exponencialmente cada ano



➤ **Elaborar e implementar un plan de adaptación aos escenarios de cambio climático** fronte ás ameazas (ondas de calor, lumes, secas, asolagamentos, subida do nivel do mar, etc.) con estratexias de incremento da resiliencia nas temáticas e áreas crave e cunha dispoñibilidade orzamentaria adecuada.



➤ **Impulsar unha xestión forestal adaptativa e unha silvicultura integrada a outras actividades conformando unha paisaxe en mosaico máis resiliente** fronte aos escenarios de cambio climático. De xeito especial, debe reducirse o risco de propagación de grandes lumes forestais e abordar a redución significativa da superficie ocupada polas plantacións de eucalipto –e outras especies de crecemento rápido–, ampliando a moratoria e facéndoa efectiva.



➤ **Crear un plan específico de protección do litoral e as augas costeiras.** Un dos patrimonios naturais máis significativos de Galicia está en crise ambiental e produtiva. O mar está azoutado pola contaminación, a sobrepesca, o cambio climático, a destrución de hábitats, etc. Cómpre protexer hábitats vulnerábeis, crear reservas mariñas, abordar o saneamento integral das rías e contar con plans de emerxencia efectivos para dar resposta rápida en caso de

verteduras e outras catástrofes, cuxa activación se ligue a comités científico-técnicos e se disocie das decisións políticas.



➤ **Establecer unha política de prevención e extinción de incendios durante todo o ano que teña en conta o cambio climático e potenciar plans de recuperación de zonas incendiadas¹⁴.** Requírese o cumprimento da Lei de Montes no relativo aos plans de prevención ou defensa en zonas de alto risco de lume forestal. En zonas de alto risco de incendio e zonas de *interface* urbano forestal, a xestión forestal preventiva debe priorizar unha fragmentación da paisaxe que evite a continuidade do combustíbel. Poñer en marcha campañas de sensibilización e educación para capacitar á poboación na prevención e a autoprotección.



➤ **Priorizar partidas orzamentarias destinadas a recursos para a xestión forestal,** para xerar paisaxes resilientes a incendios de alta intensidade.



➤ **Promover a restauración ecolóxica, os corredores ecolóxicos e a protección e restauración de bosques autóctonos maduros.** Coordinación entre as administracións competentes, fomentando a participación intersectorial e a transparencia.



➤ **Protexer e reforzar os montes veciñais en man común como figuras chave na conservación da biodiversidade,** promovendo a multifuncionalidade do monte con partidas orzamentarias específicas. Introducir medidas fiscais favorábeis para os propietarios forestais de bosques autóctonos, mesmo se estes son non produtivos, para garantir os bens e servizos que os bosques ofrecen, así como xerar emprego no medio rural.



➤ **Potenciar o papel dos polinizadores mediante a redución do uso de praguicidas sintéticos nun 50 % para 2030,** que permita revertir a actual perda de biodiversidade. Prohibición do uso do glifosato nos seus usos en xardinaría urbana e de conservación e presentar un plan de transición para a súa total eliminación na agricultura.

14. [Incendios forestales | Greenpeace España](#)



POBOS VIVOS E PROMOTORES DE BENESTAR¹⁵

Non podemos loitar contra a crise climática e a perda de biodiversidade sen un medio rural vivo e sustentábel. Cómpre fortalecer a Galicia rural como elemento estratéxico de resiliencia e adaptación. É fundamental unha aposta por hábitats vivos e diversos e conformando paisaxes onde as actividades humanas e os ecosistemas poidan darse a man. Deste xeito, necesitamos garantir dereitos e desenvolver prácticas sostíbeis no noso medio rural porque só con elas poderemos facer fronte aos efectos da crise climática. A falta de infraestruturas, de servizos públicos e de oportunidades de emprego nas zonas rurais son barreiras para as persoas que traballan na terra e impiden dar unha resposta acaída ao reto demográfico, especialmente entre os e as máis novas.

A acción de Galicia terá que:



➤ **Fomentar a soberanía alimentaria, a agrobiodiversidade e a agricultura ecolóxica** até acadar un 30 % da superficie agrícola utilizada para 2030 e o 100 % para 2050¹⁶.



➤ **Frear a forestación de terras agrarias, primando a protección do chan agropecuario, a mobilidade de terras, a ampliación da superficie agraria útil** –que en Galicia é case a metade da media comunitaria–, facilitando a incorporación das novas xeracións á agroecoloxía e gandaría extensiva ecolóxicas, e garantindo ao mesmo tempo prezos dignos para as persoas produtoras.



➤ **Apoiar a cadea ecolóxica de proximidade** mediante a creación e mellora de centros loxísticos de apoio e distribución á agricultura e gandaría ecolóxica e pesca sostíbel. Ampliar os mercados agroecolóxicos de barrio e a rede de mercados ambulantes (non sedentarios). Poñer en valor e promover a diferenciación de produtos vencellados á protección da natureza e ás redes de distribución de produtos de proximidade.



➤ **Fomentar a “dieta de saúde planetaria”¹⁷** e o consumo de produtos de orixe vexetal, ecolóxicos, de tempada e locais, e darlle prioridade nos procesos de contratación de servizos de alimentación nos comedores de colexios, hospitais, residencias da terceira idade, etc.

15. [Salvar el planeta desde la España vaciada](#)

16. [Agricultura y ganadería | Greenpeace España](#)

17. [¿Tu alimentación es sostenible? | Greenpeace España](#)

PETICIÓN

➤ **Crear e distribuír unha cesta básica social de alimentos ecolóxicos, locais e de tempada a familias vulnerábeis** (con Renda Mínima de Inserción).

PETICIÓN

➤ **Defender a pesca artesanal e sostíbel**, coa mellora da xestión dos recursos pesqueiros e ecosistemas mariños¹⁸. Poñer en valor e promover a diferenciación de produtos procedentes destas pesqueiras e ampliar a superficie mariña protexida. Loitar contra a sobreexplotación de caladoiros e a pesca ilegal. Cómpre un plan de restauración ecolóxica para as rías que permita tamén a rexeneración dos bancos marisqueiros tradicionais e de explotación sustentábeis.

PETICIÓN

➤ **Aumentar o número de reservas mariñas e mellorar a xestión, a vixilancia e a investigación nas mesmas**, para fomentar a protección da biodiversidade e a recuperación dos stocks pesqueiros. Crear unha rede ampla de reservas mariñas en todo o litoral.

PETICIÓN

➤ **Fomentar o turismo que recoñeza o valor natural, cultural e patrimonial do territorio**, cunha acaída planificación que teña en conta a capacidade de carga da contorna e busque un equilibrio social e ecolóxico. Introducir taxas turísticas en zonas de turismo masivo.

PETICIÓN

➤ **Garantir os servizos públicos básicos** de educación, saúde e coidados, así como de emprego, apoio e servizos ás cooperativas, pequenas e medianas empresas para evitar a perda de poboación. Asegurar unha normativa que discrimine positivamente a pequena produción local fronte ás grandes empresas.

PETICIÓN

➤ **Promover campañas de sensibilización e concienciación sobre o medio rural**, de xeito que a súa realidade se teña en conta na toma de decisións, con solucións diferenciadas e non focalizadas en cidades, reducindo así a fenda urbano-rural.

18. [Pesca sostenible | Greenpeace España](#)



CONSUMIR MENOS, CUIDARNOS MÁIS E VIVIR MELLOR¹⁹

O noso estilo de vida require consumir os recursos de 2,5 planetas. Necesitamos unha mudanza cultural do noso xeito de consumir en favor da sobriedade, o compartir e reparar, o uso de produtos de segunda man e a redución de residuos para converter as nosas cidades, pobos e aldeas en lugares máis saudábeis para vivir, con maior benestar e menor pegada ecolóxica. É posible garantir con calidade as necesidades básicas das persoas, incentivar o aforro material e enerxético e a economía circular e penalizar o hiperconsumismo, o malgasto, a cultura do usar e tirar, a obsolescencia acelerada e superar a ostentación á conta do planeta e a acentuación das desigualdades.

Para iso, as políticas galegas poden:



➤ **Garantir unha compra pública ecolóxica e sostíbel e establecer políticas que fomenten a reparabilidade e reutilización** de bens de consumo así como fomentar o emprego nestas temáticas.



➤ **Promover o consumo consciente, responsable e con mellores hábitos.** Esixir a durabilidade e reparabilidade dos produtos e prohibir a obsolescencia programada. Implantar na educación formal as competencias e habilidades necesarias para a sustentabilidade e o consumo responsable con formación obrigada para o profesorado.



➤ **Constituír autoridades competentes para o desenvolvemento do Regulamento sobre Deforestación Importada** e con iso monitorizar e reducir o impacto dos produtos importados, incluídos os da compra pública, nos ecosistemas forestais de terceiros países.



➤ **Promoción dun lecer para o bo vivir ao aire libre e na natureza** e con actividades de deporte, cultura e de voluntariado social e internacional. Establecer zonas libres de publicidade. Prohibir a publicidade nociva para a saúde, incluída a de combustíbeis fósiles.



➤ **Abandonar o modelo de vertedoiro e incineración renunciando ao modelo Sogama** e creando un novo plan de residuos. Establecemento dun modelo de “Residuo Cero” descentralizado, de proximidade, que priorice a redución, reutilización, reciclaxe e aproveitamento da materia orgánica separada en orixe, implantando a compostaxe, sistemas de

19. [Consumo responsable | Greenpeace España](#)

PETICIÓN

depósito, devolución e retorno (SDDR) etc. Aplicación dunha taxa por xeración de residuos.

PETICIÓN

➤ **Garantir unha redución do desperdicio alimentario de polo menos o 50 % para 2024** en todos os elos da cadea alimentaria, pero en particular na produción.

PETICIÓN

➤ **Promover a reciclaxe de residuos orgánicos e a redución de envases dun só uso** creando tamén lexislacións robustas respecto diso.

PETICIÓN

➤ **Crear un plan para a recolleita de residuos plásticos e doutra natureza nas costas** que dure todo o ano, con especial incidencia en espazos protexidos.



UNHA ECONOMÍA MÁIS DEMOCRÁTICA AO SERVIZO DAS PERSOAS E DO PLANETA

O actual modelo socio-económico está caracterizado polo crecemento ilimitado, pola extracción lineal e o dispendio cortopracista do capital natural e unha acumulación excesiva de poder e riqueza no 1 % máis rico. Unha economía democratizada, inclusiva, cooperativa e que garanta unha igualdade de oportunidades e dereitos e preserve o seu capital natural é a base dun modelo responsábel que promova un maior benestar das persoas e das futuras xeracións. Cómpre saír do marco dunha economía de oligopolios que distorsionan os mercados en favor dos seus beneficios extraordinarios e en detrimento dos actores económicos locais e as persoas consumidoras. É fundamental apostar pola igualdade de oportunidades, a conciliación do traballo e os coidados, garantir a coherencia e eficacia do gasto público en favor dos servizos públicos e os bens comúns e fomentar modelos de organización empresarial e innovación máis cooperativos, de prosperidade compartida e comprometidos co local, a responsabilidade fiscal e ambiental.

Dende Galicia habería que:



➤ **Garantir o dereito de acceso ás subministracións básicas de auga, calefacción e electricidade e vivenda** ás persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade e pobreza enerxética. Reverter os procesos de privatización e incentivo da xestión público-comunitaria.



➤ **Establecer a contratación pública ecolóxica e sostíbel** como eixo principal dos modelos de consumo e para as licitacións das administracións públicas.



➤ **Avanzar nunha fiscalidade verde e xusta²⁰ a nivel galego** que incentive os cambios de comportamento baixo os principios de progresividade e de “quen contamina paga” e reforce o orzamento verde na transición ecolóxica xusta e “investimentos de futuro”. A nova fiscalidade debe establecer incentivos claros para un uso do transporte limpo, o aforro enerxético, de auga, a produción e consumo de enerxías renovábeis, a adquisición e uso dos vehículos de cero emisións así como impostos progresivos adecuados sobre a contaminación, as emisións, o vehículo privado de motor de combustión, a vertedura e incineración de residuos, o cambio de usos do chan, a explotación cinexética, os fertilizantes sintéticos, o consumo suntuoso etc.

20. [Propuestas de fiscalidad ambiental](#)

PETICIÓN

➤ **Poñer en marcha medidas fiscais e de apoio para persoas e negocios que queiran formar parte da transición ecolóxica:** autoconsumo, rehabilitación enerxética, construción sostíbel, mobilidade sostíbel, sistemas de xestión e agregación da demanda –tanto de transporte como de enerxía eléctrica–, alimentación ecolóxica, local e de tempada etc.

PETICIÓN

➤ **Desenvolver instrumentos de fomento económico local, participativo e ambiental como orzamentos participativos,** a compra pública responsable, o fomento de cooperativas enerxéticas de enerxías renovábeis ou o desenvolvemento de moedas virtuais locais ou rexionais.

PETICIÓN

➤ **Fortalecer o tecido económico da economía social, verde e de coidados** con medidas como a oferta de espazos físicos; incentivos ao comercio de proximidade e de circuíto curto; servizos de asesoría empresarial e dixital; intermediación financeira; incentivos fiscais; impulso de emprego en sectores altamente precarizados (coidados, xestión de residuos...); promoción de licenzas libres, acordos de colaboración e investigación coa universidade.

PETICIÓN

➤ **Apoiar á universidade nas áreas da sustentabilidade e innovación ambiental** para formar á nova xeración de científicos e líderes para a economía do ben común e a transición ecolóxica.

PETICIÓN

➤ **Poñer as bases dunha economía ao servizo do ben común.** Unha economía só pode prosperar na base dunha sociedade saudábel, xusta e cohesionada. Xa que logo, é requisito reforzar aquelas áreas prioritarias para o benestar: políticas de emprego xuvenil, rendas básicas de garantía de ingresos, servizos e políticas sociais, vivenda, educación, saúde, investigación e innovación etc.

PETICIÓN

➤ **Poñer en marcha orzamentos verdes** e medidas de medición do benestar colectivo “máis aló do PIB”.



INSTITUCIONES PROMOTORAS DA DEMOCRACIA

A administración autonómica xestiona asuntos que afectan á vida cotiá das persoas e por iso, supón un ámbito privilexiado para fomentar unha maior vinculación da cidadanía coas institucións e con iso o gañar en eficacia nas políticas públicas. A participación cidadá lexitima as decisións que xorden destas, fortalecendo así o propio sistema democrático. A promoción dunha cidadanía activa e crítica é un antídoto contra a polarización e a desafección da cidadanía co ámbito da política, dous dos actuais síntomas de degradación democrática nas nosas sociedades. Para iso, resulta imprescindible tamén que as administracións autonómicas avancen na senda exemplarizante da transparencia e o bo goberno, rendendo contas, facilitando o acceso á información e garantindo os mecanismos acaídos que as protexan da corrupción.

Para iso Galicia debe:



➤ **Promover a participación cidadá nos asuntos relacionados coas competencias autonómicas.** Pór en marcha mecanismos efectivos que permitan á propia cidadanía involucrarse na toma de decisións sobre asuntos de transcendencia, tales como os servizos sanitarios, educativos ou de protección e educación ambiental, proxectos de infraestruturas e programas de transportes. No caso das iniciativas lexislativas autonómicas, mellorar a calidade e inclusión dos procesos de consulta pública, flexibilizar e facilitar os requisitos de acceso e garantir a vinculación dos seus resultados.



➤ **Eliminar as barreiras que poidan limitar a participación plena na vida pública institucional** das mulleres e os mozos, e de grupos vulnerábeis, como as minorías étnicas, as persoas migrantes e as persoas con discapacidade.



➤ **Avanzar no goberno aberto cunha maior transparencia nos cargos públicos e as súas relacións cos grupos de poder** mediante regulación específica, e con medidas como o rexistro dos grupos de interese antes de poder reunirse cun cargo público.



➤ **Establecer unha maior transparencia das contas e contratos públicos**, mellorando a calidade e o acceso da información.



➤ **Establecer iniciativas de solidariedade e apoio a persoas defensoras dos dereitos humanos** que son hostigadas e perseguidas no seu labor de defensa do territorio, o medio ambiente ou os dereitos humanos noutros lugares do mundo.